



I CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE TOURO

Domingo 30 de xuño de 2013

Touro

A partir das 10:30 horas

REGULAMENTO

1.- As probas disputaranse na localidade de Touro (A Coruña). A saída e chegada de cada proba farase na rúa Isabel II, a carón da casa do Concello e o circuito correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado.

2.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

3.- A inscrición da proba absoluta (de junior-promesa a veteranos) poderá realizarse na web www.championchipnorte.com ata o xoves 27 de xuño ás 14 horas.

A inscrición das carreiras escolares (de pitufo a xuvenil) farase a través das páxinas web www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org debendo rellenar o formulario de inscrición; a data límite de inscrición será o xoves 27 de xuño ás 14 horas).

PREZOS DA INSCRICION

CATEGORIAS ESCOLARES (de pitufo a xuvenil incluídos):

GRATUITA

PROBA ABSOLUTA (de junior-promesa a veteranos):

- **4 €** por participante **NON PROPIETARIO DE CHIP AMARELO**
- **5 €** por participante **PROPIETARIO DE CHIP AMARELO**

* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxinas web www.championchipnorte.com. Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono 982816884 / 981504029 ou no em@ailFGAsantiago@gmail.com.

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da carreira.

4.- Os dorsais retiraranse na secretaría da organización ubicada na Casa do Concello, a carón da SAIDA das probas, con prazo límite 30 minutos antes de cada proba correspondente.

5.- PREMIOS

Recibirán trofeos os 3 primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento, masculinos e femininos e tamén os tres primeiros clasificados da proba

junior-promesa, senior e veteranos masculino e feminino. Os tres primeiros atletas locais da proba absoluta, tanto masculinos como femeninos tamén recibirán trofeo.

Na categoría prebenxamín recibirán medallas todos os participantes, non haberá trofeos para esta categoría.

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.

6.- Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na zona do peito, será automaticamente descalificado. Nas probas cronometradas con chip deberán efectuar a súa devolución una vez cruzen a liña de meta.

7.- Os participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba.

8.- Os atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

9.- Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

10.- O horario das saídas poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.

11.- Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.

Categorías e horarios

CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	HORA	DISTANCIAS
Junior-Promesa	1991-1992-1993-1994-1995	10:30 h	10000 m aprox
Senior	1990 ata veteranos	10:30 h	10000 m aprox
Veterano A masculino	Nados entre 1978 e 1968	10:30 h	10000 m aprox
Veterano B masculino	Nados entre 1967 e 1958	10:30 h	10000 m aprox
Veterano C masculino	Nados no 1957 e anteriores	10:30 h	10000 m aprox
Veterana D feminino	Nados entre 1978 e 1963	10:30 h	10000 m aprox
Veterana E feminino	Nados no 1962 e anteriores	10:30 h	10000 m aprox
Pitufo	Nados en 2008 e posteriores	11:45 h	150 m
Prebenxamín	Nados en 2006-2007	11:55 h	300 m
Benxamín	2004-2005	12:00 h	1000 m
Alevín	2002-2003	12:10 h	2000 m
Infantil	2000-2001	12:10 h	2000 m
Cadete	1998-1999	12:30 h	3000 m
Xuvenil	1996-1997	12:30 h	3000 m
ENTREGA DE PREMIOS AS 13:30 HORAS			